F/2021/167	06/01/2021	842,77	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE20321344721942; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SOUTULLOS 7 ALPUBL - PERIODO 01.11.2020 A 30.11.2020	2021 165 22100
F/2021/168	06/01/2021	233,58	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE20321345271275; SUBMINISTRO ELECTRICO PS CARBALLEIRA STA MINIA 5 (CULTURA) - PERIODO 06.10.2020 A 01.12.2020	2021 330 22100
F/2021/169	06/01/2021	877,69	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE20321345271276; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 7 (GES) - PERIODO 02.10.2020 A 01.12.2020	2021 135 22100
F/2021/170	06/01/2021	320,30	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE20321344750909; SUBMINISTRO ELECTRICO PS STA MINIA 46 (SERVIZOS SOCIAIS) - PERIODO 01.11.2020 A 30.11.2020	2021 231 22100
F/2021/171	06/01/2021	661,10	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE20321344750908; SUBMINISTRO ELECTRICO PS O TREMO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2020 A 30.11.2020	2021 165 22100
F/2021/172	06/01/2021	1.235,31	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE20321344721944; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020 ALPUBL - PERIODO 01.11.2020 A 30.11.2020	2021 165 22100
F/2021/177	09/01/2021	16,15	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137000343907; SUBMINISTRO ELECTRICO PS BOAVENTURA 9997 BOMBEO - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 161 22100
F/2021/178	09/01/2021	392,66	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183587; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS S/N (CAMPO FÚTBOL) - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 342 22100
F/2021/289	03/02/2021	50,72	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE20137006165225; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TRASOITEIRO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.02.2020 A 29.02.2020	2021 165 22100
F/2021/290	03/02/2021	177,23	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE20137006136931; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE PONTE 9700 01 ALPUBL - PERIODO 01.02.2020 A 29.02.2020	2021 165 22100
F/2021/309	04/02/2021	1.643,08	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183377; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9700 CEIP - PERIODO 28.11.2020 A 29.12.2020	2021 323 22100

F/2021/310	04/02/2021	718,81	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE21321347183372; SUBMINISTRO ELECTRICO PS O TREMO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 135 22100
F/2021/311	04/02/2021	1.273,09	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183373; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/312	04/02/2021	472,64	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183371; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SABAXANS 9701 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/313	04/02/2021	1.632,75	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183375; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 70 ALPUBL - PERIODO 28.11.2020 A 29.12.2020	2021 165 22100
F/2021/314	04/02/2021	925,29	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183370; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SOUTULLOS 7 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/315	04/02/2021	1.531,92	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183376; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 79 (CONCELLO) - PERIODO 28.11.2020 A 29.12.2020	2021 920 22100
F/2021/316	04/02/2021	190,05	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183378; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9877 ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/317	04/02/2021	345,25	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183379; SUBMINISTRO ELECTRICO PS INXERIDO 0048A ALPUBL - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 165 22100
F/2021/318	04/02/2021	353,02	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321347183374; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 46 SERVICIOS SOCIAIS - PERIODO 01.12.2020 A 31.12.2020	2021 231 22100
F/2021/320	05/02/2021	399,01	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321349357064; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS (CAMPO FÚTBOL) - PERIODO 01.01.2021 A 31.01.2021	2021 342 22100
TOTAL		32.994,33				

RELACIÓN F/2020/8

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Descuento	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2021/1	04/01/2021	93,65	0,00	93,65	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-A1M0-017080; TELEFONO MOBIL (4 LINEAS) - PERIODO 18 NOVIEMBRE A 17 DICIEMBRE 2020	2021 920 22200
F/2021/2	04/01/2021	171,60	0,00	171,60	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-A1M0-007035; TELEFONO MOBIL (11 LINEAS) - PERIODO 18 NOVIEMBRE A 17 DICIEMBRE 2020	Multipl icación
F/2021/3	04/01/2021	190,94	0,00	190,94	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-A1M0-005980; TELEFONO MOBIL (2 LINEAS) - PERIODO 18 NOVIEMBRE A 17 DICIEMBRE 2020	2021 920 22200

F/2021/4	04/01/2021	10,89	0,00	10,89	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-A1M0-322448; TELEFONO MOBIL (628487341) - PERIODO 18 NOVEMBRO A 17 DECEMBRO 2020	2021 920 22200
F/2021/8	04/01/2021	60,32	0,00	60,32	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL,S.A	FRA Nº 159920000004673; ITV CAMION URO 8285HTZ - GES	2021 135 21300
F/2021/9	05/01/2021	69,02	0,00	69,02	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGURO S S.A.	FRA Nº 42744449; SEGURO CARREIRA SAN SILVESTRE (POLIZA 51379215) - PERIODO 31.12.2020 A 01.01.2021	2021 341 22400
F/2021/14	06/01/2021	988,50	0,00	988,50	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003014227; SERVIZO CORREOS - DECEMBRO 2020	2021 920 22201
F/2021/159	06/01/2021	375,00	0,00	375,00	B15991417	AMBULANCIA S DO NORDES S.L.	FRA Nº 20 332; SERVIZO AMBULANCIA - CARREIRA SAN SILVESTRE O 31.12.2020 HORARIO DE 16:00 A 18:00 HORAS	2021 341 22699
F/2021/190	16/01/2021	778,09	0,00	778,09	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº 042021; SERVIZO RECOLLIDA E XESTION PUNTO LIMPO CASA POR CASA - DECEMBRO 2020	2021 1621 22799
F/2021/191	18/01/2021	65,73	0,00	65,73	B15981186	OFIAGUS S.L.	FRA Nº F551- 212000734; MATERIAL FUNXIBLE AULA 5 ESCOLA INFANTIL	2021 323 22199
F/2021/192	18/01/2021	109,67	0,00	109,67	B15981186	OFIAGUS S.L.	FRA Nº F551- 212000733; MATERIAL OFICINA ESCOLA INFANTIL	2021 323 22000
F/2021/193	18/01/2021	124,44	0,00	124,44	B15075732	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº A20 1543; MATERIAL SANITARIO - ESCOLA INFANTIL	2021 323 22106
F/2021/194	19/01/2021	85,96	0,00	85,96	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149573; TELEFONO FIXO 981887742 (ESCOLA INFANTIL) - CONSUMO DECEMBRO 2020 E COTAS XANEIRO 2021	2021 323 22200
F/2021/195	19/01/2021	21,48	0,00	21,48	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149574; TELEFONO FIXO 981888863 (SINDICATO SAN SALVADOR) - COTAS XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/196	19/01/2021	59,60	0,00	59,60	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149575; TELEFONO FIXO 981818269 (PIC VILAR) - COTAS XANEIRO 2021	2021 326 22200
F/2021/197	19/01/2021	77,40	0,00	77,40	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149587; TELEFONO FIXO 981893307 (ADSL CENTRO SOCIAL) - COTAS XANEIRO 2021	2021 231 22200
F/2021/198	19/01/2021	17,40	0,00	17,40	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149586; TELEFONO FIXO 981893486 (ASCENSOR CASA CONCELLO) - COTAS XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/199	19/01/2021	1,77	0,00	1,77	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149582; TELEFONO FIXO 981509969 (FAX BIBLIOTECA) - CONSUMO DECEMBRO 2020	2021 3321 22200
F/2021/200	19/01/2021	12,12	0,00	12,12	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149583; TELEFONO FIXO 981893474 (POLICIA) - CONSUMO DECEMBRO 2020	2021 132 22200
F/2021/201	19/01/2021	59,60	0,00	59,60	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149576; TELEFONO FIXO 981818270 (PIC ONS) - COTAS XANEIRO 2021	2021 326 22200

F/2021/202	19/01/2021	57,27	0,00	57,27	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149570; TELEFONO FIXO 981887271 (XULGADO) - CONSUMO DECEMBRO 2020 E COTAS XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/203	19/01/2021	184,13	0,00	184,13	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149572; TELEFONO FIXO 981887523 (GES) - CONSUMO DECEMBRO 2020 E COTAS XANEIRO 2021	2021 135 22200
F/2021/204	19/01/2021	64,06	0,00	64,06	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149579; TELEFONO FIXO 981509910 (SERVIZOS SOCIAIS) - CONSUMO DECEMBRO 2020 E COTAS XANEIRO 2021	2021 231 22200
F/2021/205	19/01/2021	19,63	0,00	19,63	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149577; TELEFONO FIXO 981887129 (ASCENSOR CENTRO SOCIAL) - CONSUMO DECEMBRO 2020 E COTAS XANEIRO 2021	2021 231 22200
F/2021/206	19/01/2021	100,82	0,00	100,82	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149571; TELEFONO FIXO 981887431 (FAX CONCELLO) - COTAS XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/207	19/01/2021	3,03	0,00	3,03	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149569; TELEFONO FIXO 981509908 (CASA CULTURA) - CONSUMO DECEMBRO 2020	2021 330 22200
F/2021/208	19/01/2021	64,30	0,00	64,30	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149581; TELEFONO FIXO 981888847 (PIC SAN SALVADOR) - COTAS XANEIRO 2021	2021 326 22200
F/2021/209	19/01/2021	17,40	0,00	17,40	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149584; TELEFONO FIXO 981887944 (CEIP) - COTAS XANEIRO 2021	2021 323 22200
F/2021/210	19/01/2021	0,50	0,00	0,50	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149580; TELEFONO FIXO 981509978 (FAX SERVIZOS SOCIAIS) - CONSUMO DECEMBRO 2020	2021 231 22200
F/2021/211	19/01/2021	72,09	0,00	72,09	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149578; TELEFONO FIXO 981887276 (ADSL CENTRO SOCIAL) - COTAS XANEIRO 2021	2021 231 22200
F/2021/212	19/01/2021	97,41	0,00	97,41	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149585; TELEFONO FIXO 981887225 (CENTRALITA CONCELLO) - COTAS XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/213	19/01/2021	257,51	0,00	257,51	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	FRA Nº TA6HR0149568; TELEFONO FIXO 981887006 (CASA DO CONCELLO) - CONSUMO DECEMBRO 2020 E COTAS XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/214	04/01/2021	726,00	0,00	726,00	34996730E	VAZQUEZ LEMOS, LORETO	FRA Nº 155/20; SERVIZO GABINETE COMUNICACION EXTERNO - DECEMBRO 2020	2021 491 22721
F/2021/217	04/01/2021	2.499,07	0,00	2.499,07	B27376524	DEINAAL SOLUCIONES AGROALIMENTARIAS, S.L.	FRA Nº 77; ANALISES NUTRINTES E VIDA UTIL - COCIÑA COLABORATIVA	2021 241 22799
F/2021/218	04/01/2021	1.087,10	0,00	1.087,10	B15967714	FERLIÑO S.L.	FRA Nº 001039; SINAIAS VIARIAS	2021 1532 21500
F/2021/219	05/01/2021	769,56	0,00	769,56	33231883B	RIVAS MOSQUERA, PILAR	FRA Nº 43-20; MATERIAL FERRETERIA - DECEMBRO 2020	Multipl icación
F/2021/221	05/01/2021	32,40	0,00	32,40	E70567219	FARMACIA ALVAREZ ALVAREZ C.B.	FRA Nº 2020/0188; MATERIAL INFORMATICO - ESCOLA INFANTIL	2021 323 22106
F/2021/222	05/01/2021	95,54	0,00	95,54	B15583107	RODRIGUEZ Y RODRIGUEZ	FRA Nº 025554; PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA -	2021 231

						S.L.	OBRADOIROS NADAL	22799
F/2021/223	05/01/2021	28,44	0,00	28,44	B70143540	MADERAS PICON GARCIA, S.L.	FRA Nº 2020/906; SUBMINISTRO ESTACAS MADEIRAS - OBRAS	2021 1532 22199
F/2021/224	05/01/2021	13,07	0,00	13,07	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 20/00382; PLACA MATRICULA NISSAN NAVARA 2546 JSC - GES	2021 135 21300
F/2021/225	05/01/2021	627,88	0,00	627,88	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 20/00378; REPARACION NISSAN TERRANO 9117BZH - GES	2021 135 21400
F/2021/226	08/01/2021	413,34	0,00	413,34	B15214349	RECAMBIOS SANTIAGUES ES, S.L.	FRA Nº 156.119; RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2021 1532 22111
F/2021/227	11/01/2021	413,99	0,00	413,99	J15114002	VIGO BARREIRO FC. JAVIER Y MANUEL, S.C.	FRA Nº 8205 A; REPARACION MAQUINARIA PARQUES E XARDINS	2021 171 21300
F/2021/229	11/01/2021	873,05	0,00	873,05	J15114002	VIGO BARREIRO FC. JAVIER Y MANUEL, S.C.	FRA Nº 8234 A; REPARACION MAQUINARIA PARQUES E XARDINS	2021 171 21300
F/2021/230	11/01/2021	172,62	0,00	172,62	B94132016	COMERCIAL MONCHO, S.L.	FRA Nº A 7.907; MATERIAL FERRETERIA OBRAS	2021 1532 22199
F/2021/231	11/01/2021	167,34	0,00	167,34	33273017K	FERNANDEZ PINTOS, CELESTINO	FRA Nº 000743; RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2021 1532 22111
F/2021/232	13/01/2021	644,33	0,00	644,33	33273017K	FERNANDEZ PINTOS, CELESTINO	FRA Nº 000721; REPARACION MERCEDES 9836BNN - OBRAS	2021 1532 21300
F/2021/234	14/01/2021	293,40	0,00	293,40	A28076420	REPSOL BUTANO, S.A	FRA Nº 152910059217; SUBMINISTRO GAS PROPANO - GES	2021 135 22102
F/2021/237	18/01/2021	139,10	0,00	139,10	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003017053; SERVIZO CORREOS XULGADO - DECEMBRO 2020	2021 920 22201
F/2021/238	19/01/2021	108,90	0,00	108,90	B15515687	EXCAVACION S PEREZ LOIS, S.L.	FRA Nº 20F/134; SERVIZO TRANSPORTE MAQUINA JCB 4CX A POLIGONO DO TAMBRE	2021 1532 21300
F/2021/241	20/01/2021	452,50	0,00	452,50	B15673270	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.	FRA Nº F21/120; SERVIZO CONTROL PLAGAS - DECEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/242	21/01/2021	532,52	0,00	532,52	44842226T	REGUEIRO CERVIÑO, GONZALO	FRA Nº GA1 2021; CRONOMETRAXE CARREIRA SAN SILVESTRE 2020	2021 341 22799
F/2021/247	26/01/2021	96,80	12,00	84,80	78737427D	RIOS IGLESIAS PABLO	FRA Nº Emit-01 2021; SPEAKER CARREIRA SAN SILVESTRE 2020	2021 341 22699
F/2021/251	27/01/2021	121,00	0,00	121,00	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1210003028; SGAE REPRESENTACION O LOBO E A LUA (BAOBAD TEATRO) O 29.12.2020	2021 338 22699
F/2021/252	27/01/2021	25,26	0,00	25,26	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1210003032; SGAE REPRESENTACION CASA DE BONECAS (ESTUDO DO MOMENTO) O 12.12.2020	2021 338 22699
F/2021/262	01/02/2021	200,81	0,00	200,81	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-B1M0-005492; TELEFONO MOBIL (11 LINEAS) - PERIODO 18 DECEMBRO 2020 A 17 XANEIRO 2021	Multipl icación
F/2021/263	01/02/2021	113,09	0,00	113,09	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-B1M0-012964; TELEFONO MOBIL (4 LINEAS) - PERIODO 18 DECEMBRO 2020 A 17 XANEIRO 2021	2021 920 22200

F/2021/264	01/02/2021	10,89	0,00	10,89	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-B1M0-316461; TELEFONO MOBIL (1 LINEA) - PERIODO 18 DECEMBRO 2020 A 17 XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/265	01/02/2021	162,99	0,00	162,99	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	FRA Nº 28-B1M0-007562; TELEFONO MOBIL (6 LINEAS) - PERIODO 18 DECEMBRO 2020 A 17 XANEIRO 2021	2021 920 22200
F/2021/287	03/02/2021	74,38	0,00	74,38	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321349154826; SUBMINISTRO GAS PS BALADO (COWORKING) - PERIODO 20.11.2020 A 23.01.2021	2021 241 22102
F/2021/299	03/02/2021	45,81	0,00	45,81	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	FRA Nº 1402245A; INTERVENCION EN ASCENSOR CASA DO CONCELLO (LIBRO VISITAS, REXISTRO, SELLADO E PAGO TASAS INDUSTRIA)	2021 920 21200
F/2021/300	03/02/2021	45,81	0,00	45,81	B36650992	ASCENSORES ENOR, S.L.	FRA Nº 1402248A; INTERVENCION EN ASCENSOR CENTRO SOCIAL (LIBRO VISITAS, REXISTRO, SELLADO E PAGO TASAS INDUSTRIA)	2021 231 21200
TOTAL		15.298,32	12,00	15.286,32				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2020.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2020.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2020, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) MOCIÓN.

Aprobase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

6.1. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE E BNG PARA MELLORA DA UCI-A DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO.

Dada conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

O persoal da UCI, Unidade de Coidados Intensivos de Adultos (UCI-A) do Hospital Clínico de Santiago, mantén unha folga desde o 16 de novembro para demandar condicións dignas para o seu traballo; demandan condicións que redundarían nunha mellor atención para as persoas ingresadas que, como sabemos, poden ser do noso concello.

Por todo o anterior, os grupos municipais do PSG-PSOE e BNG propoñen a adopción do seguinte acordo:

1º) O Concello de Brión solidarízase co persoal da UCI do CHUS en folga, apoia as súas demandas e reclama á Xunta que realice, de urxencia, as actuacións necesarias para cumprir a normativa vixente e mellorar as condicións de traballo destas persoas que prestan, en primeira liña, atención sanitaria nestes duros momentos de Covid-19.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que o que pide ese persoal non é para o seu beneficio persoal, senón para mellorar o servizo que se presta á cidadanía.

A Srª. Concelleira Fariña Bellón sinala que non se poden facer as obras que solicitan neste momento por mor da pandemia do Covid-19, pero que a Xunta ten para obras 1.2000.000 euros e 240.000 euros máis para equipamento de cubículos pechados no orzamento de 2021, pero que non se poden facer agora por mor do Covid-19.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (2).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

6.2. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE E BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9 A GALIZA E REBAIXA DAS PEAXES.

Dada conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

A AP-9, a autoestrada do atlántico, é unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país e tamén para a veciñanza de Brión que sufrimos estas tarifas para desprazarnos ás cidades máis poboadas do noso país, ao norte e ao sur.

Compre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de ordenación do territorio, o actual presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancia do BNG, a Lei para a transferencia da AP-9 a Galiza, que será vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro deste mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo Parlamento galego en maio de 2017.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de transferencia de titularidade e competencias da autoestrada AP-9.

Desde o PSG-PSOE e o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro aso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta lei non conclúa -algo que deberá ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP-9 comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o Goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Mesa do Congreso e as forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de transferencia da AP-9 a Galiza no actual período de sesións.

2º) Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP-9.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que entende que non temos competencias en materia da AP-9, pero que estamos de acordo co que se pide e por iso imos xunto co BNG nesta moción.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que quere presentar unha emenda in voce no senso de engadir ao apartado dispositivo 1º) o seguinte: cos recursos necesarios para acometer as obras pendentas, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión, emenda que é aceptada polos grupos asinantes da moción.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que sabemos que é un asunto no que non temos competencias, pero que pasou ano e medio de mandato deste goberno e non chegou, que é un tema que afecta a milleiros de persoas e que os acordos de investidura son para cumprilos.

O Sr. Alcalde sinala que estou totalmente de acordo co que se acaba de dicir.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda de adición aceptada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo:

1º) Instar á Mesa do Congreso e as forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de transferencia da AP-9 a Galiza no actual período de sesións, cos recursos necesarios para acometer as obras pendentas, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión.

2º) Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP-9.

6.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-SPOE SOBRE UN PLAN DE RESCATE PARA OS SECTORES DA HOSTALARÍA E O TURISMO.

Dada conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Dende o comezo da pandemia algúns sectores produtivos están a afrontar unha realidade que os afoga cada día, facendo insostible a continuidade de moitas pequenas e medianas empresas vinculadas á hostalaría, ó comercio, ás actividades de ocio e recreativas ou ás axencias de viaxes e o turismo, entre outras.

As dificultades son de especial importancia entre aquelas empresas e autónomos que ven limitada a súa actividade polas restricións derivadas da pandemia, xa sexa a través de limitacións de aforos, redución de horarios ou limitacións de espazos e aforos.

Dende o primeiro momento en que se tivo consciencia da transcendencia da crise sanitaria, social e económica que estabamos a vivir, xa hai nove meses, o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, solicitoulle ao presidente do Goberno galego abrir unha Mesa de coordinación entre as distintas administracións.

O obxectivo non era outro que traballar de forma coordinada para evitar duplicidades nas axudas e facelas máis eficientes para os sectores económicos que máis sufriron (e seguen a sufrir) as medidas restritivas que, desgraciadamente, houbo e hai que seguir adoptando.

Resulta evidente que a adopción de medidas necesarias para protexer a saúde da cidadanía debe ser unha prioridade, pero non pode perderse de vista que ao adoptarse estas medidas, prexudicamos a economía de centos de familias cuxos únicos ingresos dependen da súa actividade laboral ou económica.

Non é aceptable que haxa que poñer nunha balanza a saúde da cidadanía e a subsistencia de miles de familias, como tampouco o é que o impacto derivado das medidas de saúde pública que a autoridade competente adopte, sexan soportadas en solitario por un sector da poboación sen ofrecerlle ningún tipo de auxilio.

Por iso, coa finalidade de que a saúde das cidadás e dos cidadáns sexa o único elemento de decisión, resulta imprescindible adoptar modelos como o implantado en Alemaña, onde calquera restrición sanitaria chega acompañada de liñas de axudas para os sectores afectados. Aínda máis nun momento no que a administración autonómica, que é a competente para ordenar as restricións, ten a súa disposición os recursos para facer efectivas as axudas.

En Galicia estamos preparados para adoptar un modelo similar ao alemán para afrontar non só a difícil situación económica das PEMES e autónomos da provincia, senón tamén de protexelas das perdas derivadas das restricións sanitarias aplicadas ata o momento, xa que durante o ano 2020 o goberno estatal remitiu á Xunta de Galicia recursos non reembolsables a través do fondo COVID estatal para compensar a caída de ingresos pola redución da actividade económica por valor de 224,10 millóns, e acaba de anunciar o reparto de 441 millóns de euros a través dos fondos de REACT-EU.

Do mesmo xeito, os orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia medraron nun 13,98% respecto ao ano 2020, grazas, na súa maior parte ás novas transferencias que chegarán de novo a través dos fondos REACT-EU, o que significará a recepción de fondos extraordinarios para afrontar esta situación epidemiolóxica.

Por isto, a Xunta de Galicia dispón de recursos extra que lle permiten dar as axudas que se reclaman dende os sectores da hostalaría e o comercio, para poder afrontar as dificultades actuais e tamén as que xurdirán a medio e longo prazo.

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica de Galicia na segunda quincena de xaneiro, supera con moito o repunte inicialmente previsto, situándonos no peor momento da pandemia, o que obriga necesariamente a incrementar as restricións. A situación actual require a acción dun goberno responsable, con anticipación e prudencia, o que necesariamente debe traducirse nunha revisión dos orzamentos que o 26 de xaneiro aprobou o Parlamento de

Galicia sen modificar unha coma, reorientando as partidas de gastos para rescatar aqueles sectores máis prexudicados.

Os compromisos noutras materias non deben ser unha escusa. Os gobernos autonómicos recibiron o ano pasado 16.000 millóns de euros para afrontar os gastos extraordinarios en sanidade (9.000 millóns) e educación (2.000 millóns).

A Deputación Provincial da Coruña sempre estivo disposta a axudar aos sectores afectados; proba diso é que ante a desatención da Xunta de Galicia á petición de coordinación, implementou un plan dirixido a PEMES e autónomos que mobilizou 17 millóns de euros coa colaboración dos concellos da provincia. Destináronse 12,5 millóns de euros a axudas aos pequenos negocios afectados polas consecuencias da Covid-19 nos concellos coruñeses de menos de 50.000 habitantes (dos que a Deputación aportou o 80%, 10 millóns de euros, e os municipios o 20% restante) e outros 3 millóns de euros a suplementar os programas de reactivación económica impulsados polas grandes cidades da provincia: A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. E fíxose sen recibir ningunha transferencia extra de ningunha administración pública, revisando a fondo os seus presupostos.

Somos conscientes de que a situación require un novo esforzo, polo que continuamos dispostos a seguir traballando e chegar a acordos interadministrativos, para consensuar un plan de rescate efectivo dirixido aos sectores afectados que garanta a subsistencia de miles de familias.

As medidas anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia o pasado 30 de xaneiro, coa posta en marcha en solitario dun fondo de 75 millóns do presuposto autonómico de 2021, resulta manifestamente insuficiente para rescatar a un sector que achega o 10% do PIB da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo isto, esta corporación local adopta o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galicia e ao resto das entidades locais de Galicia a que destinen ao menos o 1% dos seus orzamentos no 2021 a axudas á hostalaría, ó turismo e outros sectores afectados polas restricións.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que estamos de acordo coa moción, nós estivemos nunha mesa de negociación coa Xunta de Galicia e pensamos que este sector está en situación de emerxencia, e pedimos que se destinara o 1% á hostalaría, non como quería a Xunta.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que agora mesmo á Xunta vai sacar axudas directas á hostalaría, para os que están pechados, e ademais da hostalaría a outro tipo de negocios como ximnasios, en función das perdas que tiveran; a Xunta está a facer cousas e entendo que a parte da hostalaría hai outros gastos como sanidade, educación etc...

O Sr. Alcalde sinala que se tomen as medidas canto antes e de forma urxente.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que entendo que será a Deputación e os concellos os que deban facer iso.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o orzamento de Deputación son 150.000.000 de euros, e o 1% é 1.500.000 euros, e nós o ano pasado na Deputación xa achegamos máis de 20.000.000 de euros; entendo que os concellos e a Xunta acheguen ese 1%, porque a Deputación xa achegou máis, e que as administracións deben ser máis áxiles, e non se chegou a un acordo polo feito de quen as xestionaba.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

6.4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE DEFICIENCIAS EXISTENTES NA ZONA DA URBANIZACIÓN DE MONTE BALADO.

Dada conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos:

Dende a Asociación de Veciños da Urbanización Monte Balado, e realizadas as fotos correspondentes, solicitan a este grupo municipal a presentación desta moción debido ás deficiencias existentes na urbanización e solicitan que se arranxen no menor tempo posible, son as seguintes:

- . Cambiar a iluminación led dos farois existentes, xa que algúns deles non funcionan ou teñen luz intermitente.
- . Necesidade de pintar as zonas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida de cor amarela, os pasos de peóns, así como cambiar algunha sinalización vertical que está en mal estado.
- . A limpeza de sumidoiros.
- . Cambiar as papeleiras que están en mal estado, así como suxeitar os colectores do lixo, xa que moitas veces coa forza do vento saen despedidos da zona onde están colocados.
- . Máis presenza da policía local/ou garda civil na zona.

Por todo o exposto anteriormente, este grupo municipal propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Que se leven a cabo as medidas precisas para que na medida do posible dende o Concello se arranxen as deficiencias existentes na zona da urbanización de Monte Balado.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebra Gómez sinala que imos votar en contra porque xa se aprobou un proxecto para acondicionar as cousas que pedides; en canto á iluminación se está a traballar para facelo en dous anos por un importe de tres millóns de euros en todo o concello; respecto dos colectores de lixo estamos vendo a maneira de facelo, e respecto da presenza policial só temos tres policía que teñen que repartirse con outras zonas e ademais temos a colaboración da garda civil, por todo iso imos votar en contra.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que coincide coas cousas que xa presentamos nós con anterioridade vía rogos e preguntas; existen deficiencias non só en Monte Balado, aínda que tamén aí, somos conscientes que o goberno está traballando pero debe seguir facéndoo.

O Sr. Alcalde sinala que o pintado e asfaltado desa urbanización vai no proxecto que se fará este ano, chegamos ata onde podemos chegar, intentamos facer o máximo posible.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que estamos totalmente de acordo coa moción do PP, iso de que estamos traballando niso non é solución, porque como tarden tanto como co regulamento do consello escolar.

O Sr. Alcalde sinala que aprobose en Pleno o proxecto e iso está para facerse xa.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (7).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

7.1. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do BNG:

7.1.1. SITUACIÓN DA DEPURADORA DE SISALDE E DOS COLECTORES DE SANEAMENTO, ESPECIALMENTE NA ZONA DO RIAL.

Os ríos e zonas húmidas en xeral son ecosistemas de alto valor ecolóxico e manter a calidade das augas debe ser unha das principais preocupacións para calquera administración. No caso do noso Concello sabemos que o Río Sar presenta unha contaminación altísima da que somos, en parte, responsables xa que a depuradora de Sisalde verte parte das augas residuais que recibe sen depurar, contribuíndo á degradación do río.

Tamén o río Pego sufriu no ano pasado dous episodios de contaminación severos e ten vertidos continuos de augas residuais directos ao cauce que deben ser evitados canto antes..

Por todo isto propoñemos:

- 1- Que o Concello de Brión, conxuntamente co de Ames, esixa da Xunta de Galiza a ampliación e mellora da depuradora de Sisalde.
- 2- Que o Concello de Brión redacte un plan de reforzo e ampliación da rede de saneamento (coa separación e adecuado tratamento das pluviais) que evite os vertidos de augas sucias sen depurar, nomeadamente os que se sofren desde hai anos na zona do Rial.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que xa se lle solicitou á Xunta a ampliación xunto con Ames e aínda non contestou, os concellos sos non podemos facer esa obra, se lles solicitou que melloren a depuradora pero non responden, seguiremos pedindo que o solucionen.

7.1.2. COOPERACIÓN DO CONCELLO COS CENTROS DE ENSINO DE BRIÓN.

A situación de pandemia que atravesamos está dificultando as cousas en todos os centros de ensino, que están sacando o curso adiante grazas ao admirable comportamento do alumnado e das familias e ao compromiso do profesorado. De todos os xeitos este ano é máis necesaria ca nunca a colaboración que o Concello poida prestar, indo máis alá das súas competencias e obrigas para posibilitar un maior benestar na nosa veciñanza máis nova. Por iso propoñemos que o Concello atenda ás solicitudes do IES de Brión para conseguir unha carpa que permita aumentar, cando menos temporalmente, o espazo cuberto do que dispoñen para o seu tempo de recreo e poder manter as distancias fixadas para evitar os contaxios.

Nos colexios de infantil e primaria solicitamos que se reforcen as actuacións de mantemento e reparacións xa que as circunstancias esixen a utilización de todos os recursos: todos os aseos, todo o patio, as entradas e saídas, etc...para poder manter as distancias. Por iso urximos a tomar as medidas necesarias para evitar que os nenos e nenas de Brión non sufran problemas derivados do déficit de mantemento dos centros.

Vémonos obrigados unha vez máis a reclamar a constitución do Consello Escolar Municipal: pese ao compromiso adquirido diante deste pleno polo goberno municipal non nos consta que se teña dado ningún paso para constituír este órgano, importante para debater e facer propostas de futuro para o ensino no noso concello e non atoparnos, como ten sucedido repetidas veces, con problemas e feitos consumados aos que pouca solución se lle pode dar.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que eu levo todo isto de educación e en canto ao IES se lles dixo que fixeran unha petición formal para remitir á Xunta, porque é competencia da Xunta e necesitamos da autorización da mesma, porque non é unha competencia nosa, hai deficiencias pero non son da nosa competencia; a colaboración cos centros educativos e case diaria e estamos intentando facer todo o que podemos e por agora o que piden se está solucionando satisfactoriamente.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que entendo que se a Xunta o autoriza o fará o Concello.

O Sr. Alcalde sinala que haberá que ver o orzamento e saber o que achegará a Xunta, ten que colaborar dando a autorización e se pode colaborar economicamente sería de agradecer.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que respecto do tema do consello escolar estou traballando niso, quero ter todo ben claríño e espero que se se poida aprobar canto antes.

7.1.3. FALTA DE MANTEMENTO E COIDADADO DO EQUIPAMENTO URBANO.

Foron traídas a este pleno repetidas veces preguntas e propostas relativas á falta de mantemento, suciedade e deterioro de elementos como marquesiñas de autobús, sinalización de aldeas e parroquias ou problemas na iluminación por mal funcionamento dos farois ou déficit puntual destas. O goberno municipal comprometeuse repetidamente a solucionar estes problemas pero pasan os meses e mesmo os anos e os problemas non se solucionan.

Preguntamos:

- Por que non se arranxan farois que levan meses sen funcionar? (Bastavales, Os Ánxeles, Luaña, Inxerido, etc.)

- Está o Concello pagando por estes arranxos que non se fan?

- De quen é a responsabilidade de controlar o bo funcionamento do alumeadado e de que se arranxen con axilidade cando hai avarías?

- No mes de outubro de 2019 o goberno municipal manifestou no pleno ter un plan para a renovación da sinalización en todo o Concello. Entendemos que coa pandemia pode haber necesidades máis mentes pero,

- Por que non se repoñen os sinais rotos ou desaparecidos?

- Por que non se limpan os sinais e as marquesiñas?

Nestes momentos de restricións de mobilidade as actividades ao aire libre no propio concello son especialmente importantes polo que urxe un repaso do mantemento das rutas de sendeirismo existentes (limpeza, retirada de árbores caídas, repaso da sinalización ...) e a ampliación das mesmas.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que se está insistindo á empresa, traballando para que cumpra o contrato e repare as avarías no mellor tempo posible, e os pagos se fan como se establece no contrato, se fan mensualmente polos traballos feitos; o concelleiro Sr. Sampedro está traballando niso para que a empresa cumpra, para que se leve a cabo o contrato punto por punto, estamos a traballar niso.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que a empresa non está cumprindo, se hai deficiencias e non as amaña ten que cumprilo, non debe deixarse a cousa así, que fronte ao instituto hai dous mastros para farois e dous anos despois están sen colocar os farois.

O Sr. Alcalde sinala que non imos negar a evidencia, non se está facendo ben pola empresa, o concelleiro está todos os días enriba e mañá temos unha reunión coa empresa para que cumpran, non estamos contentos de como se está facendo o traballo, se lle están mandando notificacións de incumprimentos do contrato para que funcione correctamente.

Respecto do tema da sinalización se empezaron a cambiar algunhas, imos pouco a pouco, o concello é moi extenso e o persoal que se dedica a isto é limitado.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que tedes que intentar ser máis eficaces nese traballo, estaremos pendentes de que se vaia facendo, que a sensación de abandono que deixa é grande, temos que intentar ter o concello ben presentado.

Respecto das rutas de sendeirismo a Sr^a. Concelleira Cebraal Gómez sinala que agradecemos a suxestión, empezouse a limpar algunhas pero parouse polo mal tempo, están colocándose novos sinais e se está a traballar para facer novas rutas por parte do departamento de cultura e deportes.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que sería interesante o tema do voluntariado, que habería que darlle un pulo grande en Brión, pensamos que se podería comezar a traballar con iso para que cando remate a pandemia se poda impulsar a participación dos voluntarios do concello.

7.2. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do PP:

Solicitamos ao concello que na medida do posible se teñan en consideración as seguintes cuestións e se comunique a este grupo municipal as solucións adoptadas sobre as mesmas:

1. Como se pode observar nas fotografías 1,2,3 e 4 no cruce da Telleira, estrada de Bastavales a Ortoño, vese como a auga pasa por enriba da estrada, habería que entubar as gabias para poder anchar a estrada e drenar esa auga e darlle saída a mesma. Da parte de Ames a estrada está asfaltada e canalizada a auga.

A auga erosiona a estrada facendo moi complicado, ás veces, a tráfico de vehículos e do autobús do colexio.

A Sr^a. Concelleira Cebraal Gómez sinala que vendo as fotos e o escrito xa somos conscientes do problema porque a veciñanza tamén o comunicou, esperamos poder acondicionar iso que di en breve, para solucionar os problemas aos veciños.

2. Como se pode observar nas fotografías 5 e 6, na zona do Anexo en San Salvador, pódense ver as fochancas na estrada que ao non ser tampouco moi ancha fai que os vehículos que circulan pola mesma teñan que acabar pasando por enriba destas, cos posibles danos nos vehículos que isto pode carrexar.

Solicítase que se teñan en consideración e se arranxen as deficiencias mencionadas.

O Sr. Alcalde sinala que o das fochancas de San Salvador foi reparado hoxe, e haberá que ver se hai casas sen sumidoiros antes de asfaltar, para cando se poida asfaltar a aldea.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González